

# Crecendo en IGUALDADE


É SABER QUE



## CORRESPONSABILIDADE

significa compartir responsabilidades e, no ámbito doméstico en concreto, refírese ao feito de que en función da nosa idade as actividades domésticas e o coidado das persoas ten que ser compartido por ambos sexos.

## SOMOS CORRESPONSABLES SE



Todas e todos na casa somos quen de **facen tarefas domésticas** en maior ou menor medida.

As **tarefas repartímolos** entre as persoas que conviven na casa: se ti fas a cea eu podo poñer a mesa.



Dado que o **noso cuarto** é o noso territorio e nel pasamos moitas horas ao día, **responsabilizámonos do seu coidado**.

Todas as persoas **colaboramos** nas distintas **tarefas** na nosa casa establecendo un pequeno **horario flexible**. Haberá máis tempo para todas e todos



Cando ensinamos a facer as tarefas a quen non sabe, axudamos a realizar a tarefa para que aprenda a **importancia da colaboración** na vida familiar



## NON SOMOS CORRESPONSABLES



Perpetuamos **estereotipos sexistas**: “ cousas de homes ” e “ tarefas de mulleres ”.

As tarefas domésticas na casa non se reparten e fanas **sempre as mesmas persoas**.



**Non permitimos que todas as persoas** que conviven na casa **participen** nas distintas tarefas do fogar: pasar o

ferro, lavar, varrer, limpar, etc. e teñan diferentes responsabilidades

**Somos desordenados** e non participamos no coidado e organización do noso espazo.



**Obrigamos e impoñemos castigos**, pois estamos a educar con medo.